# COORDINACIÓN COMPRENSION LECTORA PARA 1º E 2º ESO (propostas)

## Documento 1

## NORMAS PARA FACER ESQUEMAS e RESUMOS

1-. PASOS COMÚNS PARA FACER RESUMOS E ESQUEMAS E EXPOSICIÓNS ORAIS

1. Ler globalmente o texto
2. Ler cada párrafo, con diccionario, as veces que faga falta.
3. Subliñado en distintas cores

1.1-. PASOS PARA FACER RESUMOS

1. Ler globalmente o texto
2. Ler cada párrafo, con diccionario, as veces que faga falta.
3. Subliñado en distintas cores
4. Guión
5. Redacción do resumo
6. Repaso do escrito

- Texto de presentación ó profesor :

Texto orixinal suliñado a dúas cores polo alumno e correxido en fosforito na clase

1.2-. PAUTAS PARA FACER UNHA EXPOSICIÓN ORAL

- Amosa interese no que contas e ganas de contalo.
- Adáptate ao teu auditorio e o seu nivel de coñecemento do tema.
- Sé claro e contundente, pero non agresivo.
- Articula e pronuncia correctamente. Fai as inflexións necesarias para resaltar os aspectos máis relevantes da exposición.
- Fala suficientemente alto para ser escoitado por todos e suficientemente lento para ser seguido por todos.

- Utiliza unha linguaxe viva na que abunden as comparacións, que son un excelente medio para axudar a reter as ideas
- Sé natural, non pedante. Non utilices palabras moi rebuscadas nin frases excesivamente complicadas.
- Cuida os elementros extralingüísticos: a expresivdidade da cara, a mirada, a respiración, o xesto e a posición do corpo.
- Trae sempre un ***guión*** escrito
- Busca un ***título*** co que empezar. Así nunca esquecerás a introducción. O título podería ser o resume da idea principal.
- Motiva aos que escoitan para que atendan explicándolles os ***motivos*** que te levan a facer esa exposición.
- Desenvolvemento da exposición: Previamente nun guión o***rdena as ideas*** principais e as secundarias e ten sempre presente o tempo que tes para expoñelas.
- Se queres ***usa os soportes audiovisuais*** para relaxar a exposición pero non abuses.
- Fai sempre unha ***conclusión*** e invita ao coloquio posterior

En toda Exposición Oral valorarase:

- Que o alumno sexa expresivo e non monótono
- Que cuide a postura do corpo e xesticule
- Que mire para os que lle están escoitando
- Que cite un título atraínte e axustado ó tema
- Que faga unha introducción
- Que sexa ordenado na presentación das súas ideas e utilice exemplos para romper o ritmo do discurso
- Que faga unha conclusión
- Que respecte o tempo pactado para a exposición
- Que sexa claro na articulación da súa mensaxe
- Que cuide o ritmo e o volume da elocución
- Que utilice unha linguaxe precisa e cuidada, unha linguaxe que escape de palabras comodín e inadecuadas
- Que teña fluidez expresiva

# Documento 2 AVALICAION

**O profesor valorará sempre sobre 10, ben escollendo destes apartados unicamente 10 ou ben facendo a media**

# AVALIACIÓN NA PRESENTACIÓN ORAL

- **1.-Actitude Xeral:**
- *Expresividade:*
  - Viva y natural: 1
  - Poco espontánea: 0.5
  - Artificial y monótona: 0
  - *Xesticulación e postura do corpo:*
  - Apropiada: 1
  - Pouco natural: 0.5
  - Ríxida: 0
  - **2.- Contido da exposición:**
  - *O título era:*
  - Suxerente:1
  - Pouco suxerente*: 0.5*
  - Nada motivador: 0
  - *O título era:*
  - Axustado ó tema: 1
  - Pouco axustado ó tema: 0.5
  - Non tiña nada que ver co tema: 0
  - *Presentación do tema:*
  - Atractiva:1
  - Moderada: 0.5
  - Nada atraínte: 0
  - *A selección das ideas:*
  - Correcta selección e ordenación: 1
  - Mezcla de ideas principais e secundarias: 0.5
  - Omitíronse ideas principais: 0
  - *A exemplificación:*
  - Esclarecedora: 1
  - Pouco esclarecedora: 0.5
  - Nada esclarecedora: 0
  - *A documentación:*
  - Completa: 1
  - Lixeiramente incompleta: 0.5
  - Moi incompleta: 0
  - *Os soportes visuais:*
  - Utilizáronse con eficacia: 1
  - Pobre utilización: 0.5
  - Non se utilizaron pese a ser convintes:0
  - *Na conclusión:*
  - Fíxose un resumo das ideas principais: 1
  - Fíxose unha exposición pouco concisa: 0.5
  - Non se fixo conclusión: 0
  - *A extensión foi:*
  - Apropiada:1
  - Lixeiramente longa/curta: 0.5
  - Excesivamente longa/curta: 0
  - *Interés do auditorio:*
  - Atento: 1
  - Pouco atento: 0.5
  - Distraído: 0
  - *A articulación foi:*
  - Clara: 1
  - Pouco clara: 0.5
  - Incomprensible: 0
  - *O ritmo foi:*
  - Adecuado: 1
  - Desigual: 0.5
  - Demasiado rápido ou lento: 0
  - *O volume foi:*
  - Adecuado: 1
  - Lixeiramente baixo/alto: 0.5
  - Demasiado alto ou baixo: 0
  - *A entonación foi:*
  - Natural e amena: 1
  - Pouco natural: 0.5
  - Moi forzada: 0
  - *A precisión na linguaxe foi:*
  - Linguaxe precisa: 1
  - Mistura niveis de linguaxe: 0.5
  - Linguaxe imprecisa: 0
  - *A expresión foi:*
  - Áxil e fluida: 1
  - Pouco fluida: 0.5

## AVALIACIÓN NA PRESENTACIÓN TEXTUAL:

- Falta de marxe: -0.25 puntos
- Catro faltas de ortografía en 1º ESO e tres en 2º ESO: -0.25 puntos ate un máx. de 1.25 puntos
- Catro tiles: -0.25 puntos
- Letra ilexible: 1 punto
- Tachóns inadmisibles: -0.25 puntos

## AVALIACIÓN DA EXPOSICIÓN ORAL, RESUMO E ESQUEMA

- Os esquemas e os resumos serán avaliados cun 0.5 por avaliación por cada profesor en particular. Desta maneira un profesor polos contidos propios da súa materia dará ate un máximo dun 9 e por este concepto: 0, 0.25 ou 0.5

- A exposición oral será avaliada conforme o modelo aportado. Este modelo será entregado correxido e puntuado ó encargado de organizar estes exames e traballos e puntuará cun 0.5 ou cun 0 a cada un dos alumnos de 1º e 2º. Esta nota servirá para tódalas materias que participen neste proxecto polo que os distintos profesores deben considerar que o tope de nota que eles otorgan é un 9.5. Desta nota os profes serán informados antes da avaliación a través de correo electrónico.

## Documento 3

# MATERIAL QUE DEBERÁN TRAER OS ESTUDIANTES DE 1º E 2º ESO

- Carpeta de anillas con separadores plásticos (un por cada materia como mínimo)
- Unha axenda
- Un lápis con dúas cores ou bolis borrables: (vermello e azul)
- Dos rotuladores fosforitos (un verde e outro laranxa)
- Un lápis de ordenador do máis corrente

## Documento 4

# PROPOSTA DO GT PARA OS VINDEIROS CURSOS

- Realizar unha reunión cos profesores de 1º e 2º de ESO e orientación no mes de setembro unha vez saibamos os grupos que imos dar e antes do 2º claustro de entrega de horarios.
- Nesta reunión, Orientación informará sobre os alumnos máis salientables polo motivo que sexa e presentaremos un Powerpoint elaborado no actual grupo de traballo que intentará coordinar:
  - Os número de exames e a súa distribución
  - A avaliación conxunta na presentación dos textos escritos
  - A presentación e avaliación seguindo unhas pautas comúns de esquemas, resumos e exposicións orais
  - O tipo de material que deben adquirir os rapaces destes niveis

  – Con este motivo pedirase ós profesores que imparten clase nestes grupos a súa adhesión voluntaria a esta proposta e se lles demandará que confirmen o número de exames que teñen previstos facer por avaliación e os libros que van poñer como obrigatorios